



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: MURAS

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 18 de decembro de 2024

Lugo, 13 de novembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3135

Término municipal de:	MURAS
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
6.14; 6.13; 7.9; 7.8; 7.6	ARIAS FERREIRO JOSE EDUARDO	PRAZA MAIOR, 22 - ESC. 1 - 1ºG - 27001 LUGO
7.15	ARIAS FERREIRO JOSE EDUARDO , ENRIQUEZ PIMENTEL TERESA DE JESUS	PRAZA MAIOR, 22 - ESC. 1 - 1ºG - 27001 LUGO
7.18; 7.17; 7.16; 7.14; 7.13; 7.12; 7.11	P ARIAS SL	PRAZA MAIOR, 22 - ESC. 1 - 1ºG - 27001 LUGO
6.16	VAZQUEZ CARBALLES MARIA DOLORES	CAL DO BAÑO, 1 - BURGO - 27836 MURAS

R. 3603

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: XERMADE

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 18 de decembro de 2024

Lugo, 13 de novembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3136

Término municipal de:	XERMADE
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
9.12	BERMUDEZ BERMUDEZ ARTURO	AVDA. HABANA 139 P01 D-AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ 15320
9.28	BERMUDEZ PARDO MARIA CARMEN	RU MANUEL ESPÍÑA (SACERDOTE) Nº6 ESC:2 4º DER-A CORUÑA 15001
9.13	CASTAÑÓN CASTELO HERMINIO , GADEA LAPIDO MARIA DEL PILAR	RU BRAÑAS Nº1 ESC.1 5º DER-CULLEREDO 15174
9.23	DIAZ VIVERO MARIA CARMEN , BELLAS FONTAO JOSE	PB FRAGA Nº 4(A) ESC.4 4º IZQ-AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ 15320
9.10	FELPETO CORTIÑAS EDELMIRA, FELPETO CORTIÑAS BEATRIZ	LG. CUIÑAS, Nº8-MURAS 27836
9.32	FERNANDEZ FERREIRO OTILIA	LG CASANOVA, A - PQ ROUPAR Nº27-XERMADE 27835
9.47	FERREIRO DE CASTRO MANUEL	PB AS VEIGAS Nº 523 B-AS PONTES DE GARCÍA RODRIGUEZ 15320
9.24	GATO FERNANDEZ MANUEL	CR DAS CAVADAS Nº 44-XERMADE 27833
9.16; 9.27	HERMIDA FERNANDEZ JOSE	LG GRAÑA, A - PQ ROUPAR Nº7-XERMADE 27835
9.45	PITA ROCA ANDRES	CL OBISPO ARGAYA GOICOECHEA Nº114 ESC.1 2º der-NARON 15570
9.37	PITA ROCA ANTONIO	RU SANTO GRIAL Nº151 ESC.2 5ºM-LUGO 27003
9.52; 9.38	PRIETO FERREIRO MARIA DEL CARMEN	LG ROUPAR Nº2-XERMADE 27835
9.51	RAMIL CASTELO ANGEL	CL PINTOR LOPEZ GUNTIN Nº11 ESC.2 1ºF-VILALBA 27810
9.7	RIVEIRA BERMUDEZ GRACIANA	LG PAIDAVELLA, A - PQ ROUPAR Nº2-XERMADE 27835
9.36; 9.21; 9.46	ROCA FELPETO MARIA NIEVES	LG BUSCALTE - PQ ROUPAR Nº4-XERMADE 27835

R. 3604

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 18 de decembro de 2024

Lugo, 13 de novembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3133

Término municipal de:	VIVEIRO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
1.34	BERMUDEZ DE CASTRO OLAVIDE ALFREDO	URB. O FARO, PORTAL 4 - 2º - 27890 SAN CIBRAO (CERVO)
1.31	CASTELO RODRIGUEZ MARIA VICENTA	LAMACEDA, 11 - VIVEIROS - 27866 VIVEIRO
1.30	CASTELO SOBRINO MARIA	PORTOCELO, 28 - 27877 XOVE
1.1	FERNANDEZ LOPEZ MARIA CARMEN	
1.38	LOPEZ RODRIGUEZ JOSE MANUEL	TOXEIRAS, 53 - LANDROVE - 27866 VIVEIRO
1.11	MILIA MENDEZ LUIS	ROSALÍA DE CASTRO, 53 - 2850 VIVEIRO
1.12; 1.8; 1.7	PEDROSA VIZOSO MANUEL	A CALZADA, 7 - LANDROVE, 27866 VIVEIRO
1.47; 1.46; 1.48; 2.28; 1.50; 1.6; 1.5; 1.13	PEDROSA VIZOSO MANUEL , GRADAILLE PATIÑO JOSEFA	A CALZADA, 7 - LANDROVE, 27866 VIVEIRO

R. 3605

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: OUROL

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 18 de decembro de 2024

Lugo, 13 de novembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3134

Término municipal de:	OUIROL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
5.37; 5.34; 5.31; 5.29	GARCIA CASTELO ANA MARIA	MOSENDE, 13 - 27865 OUIROL
5.33; 5.6	INSUA SANJUAN DOLORES	TRAVESÍA DE FERROL, 7 -ESCAL. Y - 4º A - 27850 VIVEIRO

R. 3606

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 20 de novembro de 2024 ata 20 xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SAMOS	2º-semester-2024	Taxa de recollida de lixo
O SAVIÑO	2º-semester-2024	Taxa de recollida de lixo

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extrávan o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderán realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 7 de novembro de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

R. 3531

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE ORBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

PORTOMARÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME CON GRAVILLA LU-P-4901 "CAMPORREDONDO (N-540) - NESPEREIRA - CASTROMAIOR (LU-633A)" P.K. 0+000 A 2+022

EXPTE GTM: 2024/CON_02/000066

LUGO - O CORGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2904 CONTURIZ (N-VI)- O PÁRAMO (LU-P-4304), P.K. 3+717 AO 9+000.

EXPTE GTM: 2024/CON_02/000067

ABADÍN - VILALBA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0106 "CORVITE (LU-113) - MARTIÑAN (N-634)", P.K. 0+000 A 0+687 E 2+920 A 6+043.

EXPTE GTM: 2024/CON_02/000068

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 15 novembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3619

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de novembro de 2024 , aprobáronse as bases e a convocatoria para o proceso de selección para a formación dunha listaxe de persoal laboral temporal no Concello de Alfoz para a cobertura temporal en réxime de interinidade por substitución de traballador da praza de Operario /a Servizos Múltiples - Conductor/a, mediante o sistema de oposición libre; e ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do este Concello .

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE ALFOZ PARA A COBERTURA TEMPORAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE POR SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR DA PRAZA DE OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES CONDUTOR/A, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

1. O obxecto desta convocatoria é a formación dunha listaxe de chamamentos para a cobertura coma persoal laboral temporal da praza coas seguintes características:

Servizo/Dependencia: Area funcional: Urbanismo, Obras e Servizos, Desenvolvemento Local, Medio Ambiente e Medio Rural.

Denominación: Operario/a Servizos Múltiples Condutor/a

Clasificación: Grupo AP , Complemento Destino: nivel 14(consolidado por titular) / nivel 13 en RPT , Complemento específico: 140,88 euros.(brutos/mes)

Xornada de Traballo: Completa

Acceso: Libre

Sistema de selección: Oposición

2. A razón desta selección é a formación dunha listaxe de persoal laboral temporal para a substitución transitoria da persoa titular do posto, segundo o establecido no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así coma nos artigos 11 a) do TREBEP e 27 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, para cubrir posibles baixas por incapacidade (tanto temporal como permanente con reserva de posto) , vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas do titular do posto, en calquera dos postos de operario /a servizos múltiples condutor previstos na relación de postos de traballo do Concello de Alfoz ata a súa provisión definitiva de acordo coa normativa vixente.

3. As funcións a desenvolver serán as descritas a continuación, sen prexuízo doutras tarefas que se lle poidan encomendar segundo as necesidades do servizo, sempre que resulten adecuadas segundo a súa categoría:

- Executar tarefas sinxelas e rutinarias que non requiran especialización en traballos de realización, preparación, limpeza e mantemento en obras, edificios, vías, moliario, paos naturais e xardíns do concello .
- Executar as tarefas propias de mantemento e limpeza de vías públicas municipais.
- Executar as tarefas de mantemento, limpeza e conservación dos edificios, instalacións deportivas equipamentos municipais.
- Lectura de contadores ou aparatos de medida de consumo de auga dos abonados.
- Levar a cabo as labores de mantemento, limpeza e conservación do mobiliario dos centros e do mobiliario urbano.
- Plantar, cortar o cespede, podar e demais tarefas de conservación e mantemento dos xardíns, espazos naturais e arbolado do Concello, tanto nos exteriores dos edificios, instalacións deportivas, zonas verdes, parques... do Concello.
- Usar, limpar e facerse cargo das ferramentas, maquinaria e útiles do oficio necesarias para a execución das tarefas.
- Limpeza e mantemento básico dos vehículos de propiedade municipal.
- Axudar e colaborar cos oficiais na preparación e execución dos traballos da especialidade dos sinxelos rutinarios (albanelería, fontanería, carpintería, pintura, electricidade..)
- Instalación, montaxe e preparación de materiais, valos, mobles...
- Traslado de mobiliario, material, enseres, utensilios, documentos.... de forma manual ou utilizandopd determinados mecanismos.
- Vixilancia e custodia de edificios e instalacións municipais.
- Recollida do lixo doméstico, restos doutras actividades comerciais, festivas ou recreativas.
- Axudar na loita contra os incendios.
- Conducir o camión de recollida de lixo así como outros vehículos do Concello.
- Identificar os riscos derivados das actuacións a realizar ao obxecto de utilizar os equipos de protección individual.

□ Calquera outra tarefa encomendada na unidade na que estea adscrito ao posto ou, en calquera outra cando sexa necesaria.

4. O persoal laboral temporal contratado ao abeiro destas bases cesará no momento na que finalice a causa que deu lugar á súa contratación, de conformidade co establecido na lexislación laboral vixente.

SEGUNDA.- SISTEMA SELECTIVO E FORMACIÓN DE BOLSA.

1. Segundo os artigos 11 do TREBEP e 27 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a selección do persoal laboral temporal realizarase respectando en todo caso os principios de igualdade, mérito e capacidade, así coma o de celeridade, tendo coma finalidade atender razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia.

2. As probas selectivas realizaranse polo sistema de oposición libre, realizándose consonte co sinalado no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación concordante e de aplicación.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para formar parte do proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación das solicitudes:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta, que deberán acreditarse mediante a presentación de certificado médico ou informe médico.

3. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa (requisito que deberá acreditarse coa presentación de copia do Documento Nacional de Identidade).

4. Declaración de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.

5. Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6. Estar en posesión do permiso de conducir tipo B e C.

7. Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3 ou equivalente, como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

A persoa ocupante non precisa titulación académica algunha para desenvolver correctamente o conxunto de tarefas deste posto de traballo.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e será nula a contratación coma persoal laboral temporal a quen estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

Os/as aspirantes que teñan condición legal de discapacitados con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo presentarase no modelo ANEXO I, dirixiranse á Alcaldía da corporación, e se presentaran no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. As bases serán expostas no taboleiro municipal e serán publicadas na sede electrónica da páxina web do Concello.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Alfoz ou a través da sede electrónica do Concello de Alfoz (<https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax (982558504) ou e-mail (concello.alfoz@eidolocal.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico quedarán excluídas do procedemento de selección.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- DNI.
- Título mínimo requirido
- Celga 3 ou equivalente (de ser o caso).
- Carné de conducir tipo B e C.

As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (mediante a presentación do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou o equivalente), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións Públicas (ou aquelas outras previsións normativas análogas/ concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa, mediante resolución aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución será definitiva de non existir excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica da páxina web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **de 2 días hábiles** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Tribunal de selección.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal cualificador será designado por Resolución da Alcaldía no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local).

En base ao establecido na Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado por un Presidente/a, tres vogais e un secretario/a, titulares e suplentes, sendo todos eles funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, pertencente a un corpo ou escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

2.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo, categoría terceira.

7.- O tribunal, vistos os resultados acadados polos aspirantes, propoñerá unha lista de contratación entre os/as aspirantes que aprobaron a oposición por orde de maior a menor puntuación.

8.- A Alcaldía, vista a proposta do tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente que acordará aprobar a lista de contratación.

SÉTIMA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición libre cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación incorporados na lista definitiva de admitidos.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único (por orde alfabética, comenzando pola letra A do primeiro apelido), sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento de viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo.

Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba, non se permitirá o acceso de ningún aspirante á sala/ aula onde esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou permiso de condución.

A cualificación dos exercicios e o resultado do proceso selectivo farase pública mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do Tribunal no taboleiro de edictos e na Sede Electrónica municipal.

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos seguintes exercicios no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica da páxina web do concello.

A puntuación definitiva estará determinada pola puntuación obtida na fase de oposición dos aspirantes que a superen. A puntuación máxima da oposición será 10 puntos, e a puntuación mínima para superar o proceso selectivo será de 5 puntos.

O Tribunal publicará o nome dos/as aspirantes aprobados/as coa súa puntuación, realizando a proposta de contratación aos aspirante que acade a maior puntuación.

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio (puntuación máxima 10 puntos; puntuación mínima 5 puntos):

PRIMEIRO EXERCICIO.- Consistirá na realización dunha ou varias proba/s práctica/s relacionada/s coas funcións a desenvolver no posto de traballo. (Segundo a RPT Posto 018, debe acreditarse coñecementos: Limpeza. Nivel Alto. Coñecementos fitosanitarios. Nivel Básico. Fontanería. Nivel Medio-básico. Electricidade. Nivel Medio-básico. Carpintería. Nivel Medio-básico. Xardinería. Nivel Medio-básico. Albanelería. Nivel Medio-básico. Pintura. Nivel Medio-básico. Prevención de riscos laborais :nivel bsico para prever riscos no desempeño das tarefas de operario .)

O número de probas e o tempo máximo de cada unha será determinado polo tribunal cualificador nomeado a tal efecto.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5 puntos no cómputo total, a repartir de forma proporcionada polo Tribunal segundo o número de probas.

Unha vez finalizado o exercicio, o Tribunal Cualificador publicará a relación provisional de puntuacións, habilitando un prazo de dous días hábiles para que os aspirantes presenten as alegacións que estimen oportunas ante dito tribunal.

SEGUNDO EXERCICIO.- En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA3 ou equivalente.

OITAVA.-FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA LISTA DE CONTRATACIÓN.

1.- Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará públicas no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica da páxina web municipal, a relación definitiva dos aspirantes indicando o seu DNI de forma compatible coa protección de datos, pola orde decrecente da puntuación obtida.

2.- Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Alfoz.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse polo tribunal as alegacións existentes, e volverase a publicar a lista cos resultados definitivos. Esta será proposta de formación de lista de contratación para a Alcaldía.

3.- Cando se den a circunstancias previstas na base primeira que xustifiquen a necesidade de contratar a un operario /a servizos múltiples - condutor/a coa condición de persoal laboral temporal, o órgano competente para ordenar a incoación do expediente solicitará informe á secretaría-intervención e iniciarse o procedemento descrito a continuación:

A lista de contratación funcionará do seguinte xeito:

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente.

- As persoas integrantes da lista de reserva non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son contratados, unha vez rematada a cobertura, retornará ao posto que lle correspondía na lista.

- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas. O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir interinamente a praza que corresponda, ou ben da imposibilidade de contactar con él se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio. De non atender ao chamamento entenderase que o aspirante non ten disposición de cubrir interinamente a praza.

- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese prazo unha declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como fotocopia da cartilla de Seguridade Social, certificado de n.º de conta bancaria (IBAN), e informe médico actualizado - non poderá ter unha antigüidade superior a tres meses- asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas do posto de traballo de operario /a servizos múltiples - condutor/a.

- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ó seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.

- O aspirante que rexeite o chamamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda que vez que o rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista de reserva mediante resolución da Alcaldía.

Considéranse como causas xustificadas, as seguintes:

A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).

O estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

- En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da bolsa/lista de reserva.

- O efectivo funcionamento da bolsa de reserva estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

4.- Unha vez presenta a documentación anterior ditarase resolución da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a para a súa contratación. Esta resolución publicarase e esta publicación substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.- A persoa seleccionada formalizará o correspondente contrato laboral temporal nun prazo de 5 días naturais dende a Resolución da Alcaldía, polo período que dure a substitución para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas do titular do posto.

NOVENA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas Bases vincularán ao Concello de Alfoz, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

DÉCIMA.-INCIDENCIAS.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA.-RÉXIME XURÍDICO.

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas Bases, e no non previsto nestas, polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, de 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, de 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

DUODÉCIMA.-DISPOSICIÓN FINAL.

Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP.

Alfoz, 15 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, COA CATEGORÍA DE OPERARIO /A SERVIZOS MÚLTIPLES - CONDUCTOR/A

I.- Datos do solicitante:

Apelidos:.....

Nome:

DNI/NIE:

Enderezo:.....

Poboación:

Provincia:

Teléfono móbil:

Teléfono:

Correo electrónico:

II.- Declara:

- a) Que coñece e acepta as bases do proceso de selección para formación dunha listaxe de persoal laboral temporal, coa categoría de Operario/ a Servizos Múltiples -Conductor/a do Concello de Alfoz.
- b) Que reúne todas e cada unha das condicións establecidas nas bases da convocatoria e aporta a documentación esixida para ó efecto.

III.- Solicita a súa inclusión para participar no proceso selectivo convocado

IV.- Documentación que achega:

- DNI
- Celga 3
- Carnet de conducir .

V. Declara baixo xuramento/ promesa:

- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

VI. Autorizo ao Concello de Alfoz a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (marcar cun X). No caso de non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor non autoriza a comunicación electrónica):

SI	
NON	

A comunicación da dirección de correo electrónica servirá para enviarlle un aviso, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou na dirección electrónica habilitada única. En todo caso, a falta da práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

En _____, a _____ de _____ de 2024.

(Sinatura)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE ALFOZ.

Alfoz, 15 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3620

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN DE PADRÓNS DO PREZO PÚBLICO: VIVEIRO DE EMPRESAS

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 3 de xuño de 2024, previa fiscalización por parte da intervención municipal, prestou aprobación aos Padróns dos Prezos Públicos do Viveiro de Empresas, pendentes de tramitar, que seguidamente se indican:

- ✓ Nave 3, exercicio 2021, base imponible 1.744,32 €, IVE 366,31 €, total 2.110,63 €.
- ✓ Nave 3, exercicio 2022, base imponible 1.744,32 €, IVE 366,31 €, total 2.110,63 €.
- ✓ Nave 3, exercicio 2023, base imponible 1.744,32 €, IVE 366,31 €, total 2.110,63 €.
- ✓ Nave 3, xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio do exercicio 2024, base imponible 726,80 €, IVE 152,63 €, total 879,43 €.

Posteriormente, pola Xunta de Goberno Local, con dada de 24 de xuño de 2024, a solicitude do debedor dos indicados Padróns, aprobou un aprazamento e fraccionamento das débedas, sen que ata o día da data, procedese ao aboamento de ningunha cantidade a persar de ter superados os primeiros prazos concedidos.

Ao tratarse de Padróns, e, para dar cumprimento ao disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario dos Padróns do Prezo Público do Viveiro de Empresas, referidos a nave número 3, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP- (prazo que inclúe o último aprazamento concedido), transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos están a disposición do interesado nas oficinas municipais. Debe efectuar o pago en calquera das entidades bancarias da localidade: Banco Santander ou ABANCA, en conta ou/IBAN, de titularidade municipal.

Friol, 14 de novembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3607

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 12 de novembro de 2024, a modificación dos artigos 7 e 9 da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo na Escola Infantil Municipal do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días

hábeis contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 14 de novembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 3608

POL

Anuncio

Na súa sesión extraordinaria do 30/09/2022 o Pleno do Concello de Pol acordou o inicio do expediente expropiatorio, que se tramitará pola vía de urxencia, conforme o artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra "Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea".

Na súa sesión extraordinaria do 11/09/2024 o Pleno do Concello de Pol acordou a resolución das alegacións presentadas á información pública e a aprobación definitiva da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos a ocupar.

En cumprimento e execución dos citados acordos, anúnciase o levantamento das actas previas á ocupación, ao que se refire o apartado 2º do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, que terá lugar o día **18/12/2024 ás 10:00horas**, na Casa do Concello de Pol, sen prexuízo de que o equipo técnico-administrativo se traslade, se é necesario, ao lugar no que se atopen situados os bens obxecto de expropiación e para cuxos actos cítase aos propietarios, aos demais afectados e a cantas persoas ou entidades poidan ostentar dereitos sobre tales bens.

As actas levantaránse aínda no suposto de que non concorran os propietarios e demais interesados ou quen debidamente lles representen.

A tales efectos poderán concorrer persoalmente ou debidamente representados, acreditando a súa personalidade e podendo facerse acompañar á súa costa de perito e notario, debendo aportar a documentación precisa respecto á titularidade dos dereitos que aleguen (títulos rexistrados, cédulas de propiedade, etc.).

En aplicación do disposto no artigo 56.2 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, os interesados poderán formular escrito dirixido ao Alcalde do Concello de Pol, con cantas alegacións estimen pertinentes ata o levantamento das actas previas e só aos efectos de emendar os posibles erros que se puidesen padecer ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

Esta publicación realízase igualmente aos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, servindo como notificación cando os interesados sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou, intentada esta, non se puidera practicar.

A relación dos bens e dereitos afectados é a que segue:

Nº finca	Polígono e parcela	Titulares catastrais	Destino do solo	Superficie a expropiar (m ²)	Outros bens afectados
1	Pol. 37 Parc. 83	Herdeiros de José Pereira Murado, José Antonio Pereira Lenza e María Josefa Pereira Lenza	Monte alto	103	35 m de peche de estacas de formigón e 2 arames; 3 ud. de pilar de formigón de 1,20x0,30x0,30 m
2	Pol. 37 Parc. 84	María Felisa Rancaño Díaz	Prado	92	1 ud. de froiteiras adultas
3	Pol. 37 Parc. 82	José Río Díaz	Prado	305	60 m de peche de estacas de formigón e 4 fíos de arame (deteriorado); 2 ud. de pilares de tubo de formigón pref.Ø 40 cm recheo de formigón de 1 m de altura
4	Pol. 37 Parc. 802	José Río Díaz	Prado	111	

5	Pol. 37 Parc. 91	Belarmino Parada Jartin	Prado	193	18 m de peche de pedra sobre pedra de 0,80 m de altura
6	Pol. 37 Parc. 100	María Elsira Parada Jartín e José Manuel Parada Jartín	Frente casa	62	7 m de peche de bloque de 1,50 m de altura chapeado en pedra por dúas caras e tapas de formigón; 24 m ² traslado de porta-cancelas ornamentais; 28 m ² de peche de fábrica de bloque de 0,50 m de altura; 28 m de peche vexetal; 1 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de pilar de formigón de 1,50x0,35x0,35 m; 3 ud. de pilares de formigón de 2x0,40x0,40 m chapeados en pedra con tapas de formigón pintadas
7	Pol. 37 Parc. 93	María Lidia López Lenza	Labradío	159	13,5 m de peche de pedra sobre pedra de 1 m de altura media; 1 ud. de froiteiras adultos
8	Pol. 37 Parc. 79	Herdeiros de José Pereira Murado, José Antonio Pereira Lenza e María Josefa Pereira Lenza	Frente casa	129	56 m de peche de bloque de formigón de 1,20 m de altura con estacas de formigón de 2,30 m de altura
9	Pol. 37 Parc. 92	María Lidia López Lenza	Folganzas	236	54 m de peche vexetal; 1 ud. de carballos novos; 7 ud. de castaños medianos; 1 ud de nogueira; 1 ud. de froiteiras adultos
10	Pol. 37 Parc. 78	Antonio AlonsoSeijas	Prado	387	1 ud. de castaños adultos
11	Pol. 37 Parc. 800	María Lidia López Lenza	Folganzas	70	3 ud. de cipreses adultos; 1 ud. de plantas ornamentais; 19 m de peche pedra sobre pedra de 1 m de altura
12	Pol. 33 Parc. 7	María Lidia López Lenza	Monte alto	271	2 ud. de castaños adultos; 1 ud. de castaños medianos; 3 ud. de castaños novos; 7 ud. de plantóns de castaño; 4 ud. de plantóns carballo; 3 ud. de bidueiros adultos; 15 m de muro de sostemento de pedra sobre pedra de 1,70 m de altura media
13	Pol.33 Parc. 6	Peinó y Benito	Monte alto	131	10 ud. de carballos novos; 3 ud. de plantóns de castaños; 2 ud. de castaños novos; 2 ud. de castaños medianos
14	Pol. 33 Parc. 5	María Lidia López Lenza	Monte alto	318	5 ud. de castaños adultos; 30 ud. de castaños medianos; 4 ud. de plantóns de castaño; 2 ud. de carballo adulto; 2 ud. de carballos novos; 7 ud. de pinos adultos; 7 ud. de pinos medianos
15	Pol. 37 Parc. 120	José Fernández López	Prado	191	19 m de muro de pedra de 0,60 m de alto x 0,50 m de ancho; 30 m de peche de estacas de madeira e dous fíos de arame; 2 ud. de chopos adultos; 3 ud. de carballos adultos; 2 ud. de freixos adultos; 2 ud. de freixos novos; 3 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de froiteira nova

16	Pol. 36 Parc. 92	Anunciación Peinojartín	Prado	352	4 ud. de castaños adultos; 6 ud. de castaños medianos; 2 ud. de froiteiras novas; 1 ud. de froiteiras adultos; 4,5 m traslado cancela; 1,5 m2 de peche de fábrica de bloque
17	Pol. 37 Parc. 108	José Río Díaz	Prado	29	
18	Pol. 36 Parc. 3	María del Carmen Vila González	Prado	454	8 ud. de castaños adultos; 1 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de cerdeiras medianas; 10 m de muro de pedra sobre pedra de 1,70 m de altura; 1 ud. de salgueiros; 1 ud. de salgueiros novos; 1 ud. de bidueiros adultos; 2 ud. de ameneiros adultos
20	Pol. 37 Parc. 141	Gustavo Osorio Fernández	Monte	211	32 m de muro de pedra en contención, a unha cara, de 1 m de altura media e 0,50 m de ancho; 21 m de muro de pizarra de 0,90 m de alto x 0,55 m de ancho a dúas caras; 1 ud. de fresno novo; 13 ud. de castaños novos; 2 ud. de nogueiras novas; 1 ud. de carballo novo; 1 ud. de froiteira en produción; 3 ud. de plantóns de nogueiras; 3 ud. de plantóns de freixo
21	Pol. 36 Parc. 6	Óscar Fernández Agrelo	Monte alto	657	12 ud. de bidueiros adultos; 3 ud. de ameneiros adultos; 16 ud. de plantóns de castaño; 4 ud. de castaños novos; 6 ud. de bidueiros novos; 26 ud. de pinos adultos; 10 ud. de pinos novos; 3 ud. de carballos adultos; 3 ud. de carballos novos; 15 ud. de plantóns de carballo; 40 m de muro de mampostería a unha cara, deteriorado, de 1,20 m altura
22	Pol. 37 Parc. 116	Ramón Agrelo Trashorras	Folganzas	259	1 ud. de carballo novo
23	Pol. 37 Parc. 119	María Ermesinda Lenza Frade	Prado	301	83 m de peche de pedra sobre pedra de 1,50 m de altura media e 0,70 m de ancho medio; 5 ud. de frutais; 6 ud. de nogueiras adultas; 2 ud. de nogueiras novas; 4 ud. de cerdeiras adultas; 8 ud. de cerdeiras novas; 2 ud. de coníferas novas; 2 ud. de castiñeiros adultos; 6 ud. de castiñeiros medianos; 4 ud. de castiñeiros novos; 5 ud. de freixos
24	Pol. 33 Parc. 47	Monte Comunal de Veciños de Milleirós	Monte	252	
25	Pol. 37 Parc. 114	José Fernández López	Folganzas	39	41 m de muro de pizarra de 1,20 m de altura e 0,55 m de espesor; 2 ud. de figueiras adultas; 1 ud. de bieiteiros; 6 ud. de froiteiras medianos; 4 ud. de froiteiras novos

Pol, 8 de novembro de 2024.- O ALCALDE, D. Lino Rodríguez Ónega.

R. 3636

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *extraordinaria* celebrada o día 08/11/2024 acordou a aprobación inicial do expediente 20/2024 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 8 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, D^a M^a Jesús López López.

R. 3609

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso, acceso libre,**” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 29 de outubro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de TRABALLADOR SOCIAL**, grupo A/subgrupo A2, nivel 24, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, co seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
GARCÍA BASANTA, M ^o CRISTINA	***9158**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da entidade.

O Vicedo, 14 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3610

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso, acceso libre,**” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 29 de outubro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para dúas prazas de **TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL**, grupo B, nivel 16, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, co seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
PENA ROLLE, SILVIA VANESA	***3789**
MARTÍNEZ YÁÑEZ, MARÍA BEGOÑA	***9548**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da entidade.

O Vicedo, 14 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3611

XERMADE*Anuncio***Aprobación inicial do orzamento do exercicio 2025**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 14 de novembro de 2024, o orzamento xeral para o exercicio económico de 2025, o cadro de persoal para dito exercicio e documentación anexa, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan proceder ao seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o orzamento para o exercicio 2025 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Xermade, 15 de novembro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3640

*Anuncio***Aprobación inicial do regulamento da canle de denuncias do Concello de Xermade**

Aprobado inicialmente o regulamento da canle de denuncias do Concello de Xermade, por acordo do Pleno do 14 de novembro de 2024, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o regulamento.

Xermade, 15 de novembro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3641

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de TRABADA (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da "Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública".
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 13 de novembro de 2024.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez

R. 3612

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 8 DE NOVEMBRO DE 2024 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS

DA VIII EDICIÓN DO CONCURSO FOTOGRÁFICO "O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES" ANO 2025

BDNS (Identif.): 796732

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796732>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral

de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Primeiro.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas maiores de idade que estean interesadas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ser maior de idade, de nacionalidade española ou residente legal en España.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial, asinando a declaración responsable contida no Anexo I desta convocatoria.
- Os establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e aplicables no presente caso.
- Non poderán participar neste VIII Concurso os beneficiarios dos tres premios da edición anterior.
- A persoa que presente unha fotografía ao Concurso deberá ser o autor da mesma.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable ao VIII Concurso de Fotografía, que terá como fío condutor nesta edición do 2025 o "O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses", coa finalidade de poner en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico material representativo do aproveitamento sostible dos recursos naturais destas Reservas da Biosfera.

O presente concurso desenvólvese en réxime de concorrencia competitiva. As fotografías presentadas ao Concurso deben terse tomado nos territorios das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, tendo como temática o patrimonio etnográfico material destas dúas Reservas da Biosfera.

Neste particular cómpre aclarar que a temática "Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses" inclúe, entre outros bens, hórreos, muiños, aceas, lavadoiros, fontes, pontellas, cortíns, pallozas e outras construcións tradicionais, que constitúen a pegada dos nosos devanceiros e o seu bo facer á hora de aproveitar os recursos dun xeito sostible sen comprometer á súa persistencia ou esgotamento.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da VIII Edición do Concurso de Fotografía "O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses" - Ano 2025, pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/concursofotografiaRRBB>

Cuarto.- Contía

A contía total do concurso será de 1.600,00 euros divididos en tres premios:

1er Premio: 800,00 euros

2º Premio: 500,00 euros

3er Premio: 300,00 euros

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

Sexto.- Outros datos

As obras deben ser inéditas e non poden ter sido premiadas con anterioridade.

Deberase presentar unha única fotografía por solicitante, quedando excluídas do presente procedemento aquelas persoas que presentasen mais dunha fotografía ao concurso, ben nunha mesma solicitude ou en varias.

A fotografía poderá ser realizada en branco e negro ou en cor, e deberá presentarse seguindo os requisitos da base quinta.

Os autores das obras premiadas cederán a favor da Deputación Provincial de Lugo todos os dereitos patrimoniais destas, en especial os dereitos de exposición, publicación e calquera outros relacionados coa difusión, citando sempre o nome do autor. Estes dereitos estenderanse a un período total de trinta anos.

En ningún caso se devolverán as fotografías aos participantes no concurso.

Lugo, 13 de novembro de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3647